

# CIRCUITO TEATRO PROFESIONAL 2022



**CICLO CULTURAL MONICREQUES..... 4**

TRÉCOLA PRODUCIÓNS (PoI)

MIRCROMINA TEATRO DE TÍTERES (Mondoñedo)

UBÚ TEATRO (Lugo)

**CICLO MIÚDOS SERÁNS ..... 8**

LÎLÂ TEATRO (Lugo)

PRODUCIÓNS SEÑOR LÓPEZ (Lugo)

XAMÓN PRODUCCIÓN (Lugo)

**CICLO SERÁNS TEATRAIS..... 11**

ÍTACA TEATRO (Lugo)

PÍNCONÚS (Lugo)

BATEGA (Lugo)

**CICLO EXPERIMENTEATRO..... 14**

TEATRO BAIXO DA AREA (Lugo)

A COMPAÑÍA SOLITARIA DO DR. MONIFATE (Cospeito)

## TRÉCOLA PRODUCCIÓN (PoI)

### Saga de Flin Havardr.

Teatro de marionetas de fío con música en directo. Todos os públicos.



**Sinopse:** Eran as sagas unhas cantigas á heroicidade dos grandes guerreiros vikingos, fortes e valentes, que abandonaban as súas terras ermas e denostadas polo clima do norte, para zarpar nos seus drakar e conquistar outros pobos na procura de alimentos e tesouros.

Non é o caso de Flin Havardr... un pastor que tras vislumbrar nun sono as suas proezas como vikingo, emprendeu unha viaxe inesperada acompañado por unha tripulación canto menos peculiar, non especialmente fortes nin valentes, pero si sobrados de creatividade. Tras moitas aventuras, conseguirán chegar á mellor de todas as terras a conta da morriña dun dos seus tripulantes. Queda por ver se conquistarán ou serán conquistados...

**Autoría:** montaxe propia da Compañía.

**Dirección:** Isabel Rey e Marcelino de Santiago "Kukas".

**Titiriteir@s:** Ero Vázquez Cabrera e Isa García Coldeira.

**Música en directo:** Pablo Pintor.

**Duración:** 50 minutos.

**Espazo escénico:** 9 m. de fronte x 7 m. de fondo x 3 m. de alto (mínimo requerido) Obra de interior.

**Necesidades técnicas:** a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas. Só precisan unha toma de corrente e un espazo para estacionar, descargar e cargar, e acceso a servizos.

**Preferencia de datas:** segundo dispoñibilidade de axenda da Compañía.

### Gaela quere ser druida.

Teatro de marionetas de fío e varillas. Público infantil e familiar

**Sinopse:** Seica Gaela anda aburrida e persegue ao druída nun día moi importante para el, xa que en dúas lúas se celebra o consello anual de druídas e non atopa o condimento necesario para a súa nova poción.

Finalmente a nena consegue contarlle o que lle preocupa, ela quere ser druída! Pero o mestre négase en rotundo porque "as nenas non poden ser druídas! Iso é cousa de homes!"

Esta resposta, lonxe de calmar as ansias da nena, convencea de que ese é o seu fado. Gaela terá que demostrar ao druída que ela pode ser o que desexe se pon todo o seu empeño. Así, terá que pasar divertidas e emocionantes probas para acadar a súa capa branca.

A través desta historia o público mergullarase na cultura castrexa, nos seus contos e na súas lendas. Trátase dunha obra que fomenta valores como a igualdade de xénero, o coidado medioambiental, a autoestima e a importancia de perseverar para superar os retos que se plantexan.



**Autoría:** montaxe propia da Compañía.

**Dirección:** Ero Vázquez Cabrera.

**Titiriteir@s:** Ero Vázquez Cabrera e Isa García Coldeira.

**Duración:** 50 minutos.

**Espazo escénico:** 7 m. de fronte x 6 m. de fondo (mínimo requerido) Obra tanto de interior como de exterior.

**Necesidades técnicas:** a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas. Só precisan unha toma de corrente e un espazo para estacionar, descargar e cargar.

**Preferencia de datas:** segundo dispoñibilidade de axenda da Compañía.

## MIRCROMINA TEATRO DE TÍTERES (Mondoñedo)

CICLO CULTURAL MONICREQUES

### Cousas de casa.

Teatro de títeres de luva e música en directo. Todos os públicos a partir de 3 anos.

**Sinopse:** Historieta de conciliación e igualdade. Stela ten que reincorporarse á vida laboral despois de que se lle rematase a baixa por maternidade. Xúrdenlle dúbidas, medos e incertidumes, que grazas a Bebé e a Cromina (o pai), se resolverán con sinxeleza e humor.

**Autoría:** Montaxe propia da Compañía.

**Dirección:** Ton Arenas.

**Titiriteiro:** Ton Arenas.

**Músico:** Alejandro Vargas.

**Duración:** 45 minutos.

**Espazo escénico:** 4 m. de fronte x 3 m. de fondo x 2,5 m. de alto (mínimo requerido) Obra tanto de interior como de exterior.

**Necesidades técnicas:** a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas. Só precisan unha toma de corrente e un espazo para estacionar, descargar e cargar.

**Preferencia de datas:** segundo dispoñibilidade de axenda da Compañía.



### Vacacións no mar.

Teatro de títeres de luva e silueta, ao tradicional estilo da cachiporra. Todos os públicos a partir de 3 anos.



**Sinopse:** A Marina encantaríalle viaxar polo mundo adiante. Un día, Moncho chegou a porto no seu veleiro "Ovos con patacas", pero nun descoido o pirata Olo Virolo tomou prestada a súa nave para botarse ao mar. Tras esta trepidante trama de acción... cumprirá finalmente Marina o seu soño de dar a volta ao planeta?

**Autoría:** Montaxe propia da Compañía.

**Dirección:** Zoila Gulín e Ton Arenas.

**Titiriteiro:** Ton Arenas.

**Duración:** 45 minutos.

**Espazo escénico:** 4 m. de fronte x 3 m. de fondo x 2,5 m. de alto (mínimo requerido) Obra tanto de interior como de exterior.

**Necesidades técnicas:** a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas. Só precisan unha toma de corrente e un

espazo para estacionar, descargar e cargar.

**Preferencia de datas:** segundo dispoñibilidade de axenda da Compañía.

CICLO CULTURAL  
MONICREQUES

**43° Latitude Norte**

Teatro de títeres de luva, varilla, fíos e ritmos percutidos en directo. Todos os públicos.



**Sinopse:** esta é unha mirada da vida do camiñante que, chegado de lonxe, atraca nun pequeno porto da mariña. Serán Raio o loubican, Antolín o bailarín e o Propietario, as personaxes da terra, que coa súa natureza e comportamento marquen o seu destino nesta simpática aventura.

**Autoría:** Montaxe propia da Compañía.

**Dirección:** Ton Arenas.

**Titiriteiro:** Ton Arenas.

**Duración:** 50 minutos.

**Espazo escénico:** 3 m. de fronte x 3 m. de fondo x 2,5 m. de alto (mínimo requerido) Obra tanto de interior como de exterior.

**Necesidades técnicas:** a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas. Só precisan unha toma de corrente e un espazo para estacionar, descargar e cargar.

**Preferencia de datas:** segundo dispoñibilidade de axenda da Compañía.

## UBÚ TEATRO (Lugo)

### O vixiante dos sonhos.

**Teatro con monicreque. Público familiar a partir de 3 anos**

**Sinopse:** Sonólicus quere chegar á lúa desde pequeno. Busca no reflexo das pozas e dos espellos, sube ás caixas amoreadas e aos tellados, e tantos esforzos fai por conseguilo e tanto estira os brazos cara á lúa, que lle medran ata a deformidade. O seu empeño semella unha fantasía infantil da que a nai é testemuño. Unha noite acaba de medrar e, non só acada o seu obxectivo de acompañar á lúa, senón que se converte para sempre no vixiante do sono e dos sonhos infantís.



**Autoría:** Ana Carreira.

**Dirección:** José Campanari.

**Actrices e titiriteiras:** Marga Portomeñe e Ana Carreira.

**Duración:** 45 min.

**Espazo escénico:** espazo mínimo requerido de 6 m. de boca x 4 m. de fondo. Espectáculo de interior.

**Necesidades técnicas:** adáptanse ás posibilidades do espazo.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.



## LÎLÂ TEATRO (Lugo)

### Duncan de Palleiro.

**Público infantil - familiar a partir de 3 anos.**

**Sinopse:** Así é como transcurre un día na vida dun can, pero non dun can calquera. Trátase dun can moi especial que pertence a unha raza mítica, lendaria e con moito prestixio: a de Palleiro. Este can é Duncan de Palleiro, o príncipe das corredoiras.

Duncan leva unha vida sinxela á beira do seu amo Aurelio e dos seus amigos, veciñas e rébanos de sempre, nunha pequena aldea no medio das montañas, chamada Oubidos, da que se sente moi fachendoso.

Duncan ama profundamente aos nenos e ás nenas, e alí onde vai leva consigo unha gran sorpresa que non deixa a ninguén indiferente. Amizade, amor e liberdade son as palabras que máis lle gustan a Duncan de Palleiro.



**Autoría:** obra propia da Compañía.

**Dirección:** Lîlâ Teatro.

**Actrices:** Lines González e Lara Regueira.

**Duración:** 60 min.

**Espazo escénico:** 5 m. de fronte x 4 m. de fondo (mínimo requerido) Obra tanto de interior como de exterior.

**Necesidades técnicas:** a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas no caso de que o espazo non dispoña da equipación necesaria, só precisan de tomas de corrente.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.

### Rara Avis.

**Público adulto (tamén os máis novos poden disfrutar do espectáculo polo coidado da linguaxe e o contido xeral)**



**Sinopse:** Paloma é un deses seres que cando camiñan parecen non tocar o chan, como se levara unhas ás invisibles adheridas ás súas costas que, ademais de alixerar o seu peso, a dotan dun halo digamos que "diferente".

É a través da empatía, a coraxe, a perseverancia e sobre todo o sentido do humor, como Paloma logra reconciliarse co seu pasado, disfrutar do presente e propoñer un futuro esperanzador. Ela, coma ninguén, é capaz de demostrar que nunca é tarde para comezar de novo.

*Rara Avis* fai honra a todas as criaturas excepcionais que buscan o seu lugar no mundo.

**Autoría:** obra propia da Compañía.

**Dirección:** Lîlâ Teatro.

**Actriz:** Lines González.

**Duración:** 70 min.

**Espazo escénico:** 5 m. de fronte x 4 m. de fondo (mínimo requerido) Obra de interior.

**Necesidades técnicas:** a Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas no caso de que o espazo non dispoña da equipación necesaria, só precisan de tomas de corrente.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.

## PRODUCCIÓN SEÑOR LÓPEZ (Lugo)

CICLO MIÚDOS SERÁNS

### A viaxe do Señor López.

**Público familiar**

**Sinopse:** O señor López é unha persoa solitaria, triste e gris. Un día calquera acontecelle unha desas cousas solitarias, tristes e grises tan características do mundo dos adultos e a partir dese momento todo cambia. Monta unha compañía de teatro. Aprende a contar chistes. Fala idiomas inventados. Viaxa nunha balsa por un mundo cheo de cores e alegría. O señor López convértese nun paxaro-inuit. Úneste á súa viaxe?



**Autoría:** Rubén Pérez Pombo.

**Dirección:** Rubén Pérez Pombo.

**Actor:** Rubén Pérez Pombo.

**Duración:** 50 min.

**Espazo escénico:** espazo mínimo requerido de 3 m. de boca x 3 m. de fondo

**Necesidades técnicas:** adáptanse ás posibilidades do espazo escénico, conta coa súa propia equipación. Espectáculo tanto de interior como de exterior, aínda que o ideal é un espazo pechado con caixa negra para poder proxectar audiovisuais.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.



## XAMÓN PRODUCCIÓN (Lugo)

### CICLO MIÚDOS SERÁNS

#### María Balteira, a bailadora primeira.

Teatro, danza e música. Público familiar (recomendado 3 a 9 anos)



**Sinopse:** Montse Rivera e Xabier Iglesias achegan o baile tradicional ás crianzas e ás súas familias cunha obra de teatro, música e danza ambientada no Medievo.

O Rei Sabio vive no Bosque das Artes, onde cultiva a música, a poesía e o teatro; pero algo non vai ben: Nunha parte do seu bosque as plantas e as árbores non medran como deberían.

Pedro Amigo é mestre de música, e María Balteira a súa alumna, pero María soña con bailar. Un día cóntalle os seus soños a Pedro, este fica abraiado co xeito de bailar de María e pídelle que lle ensine a bailar. A fama da bailadora María Balteira chega a oídos do Rei Sabio que lle escribe unha carta pedíndolle axuda para que o seu Bosque das Artes medre florido e fermoso.

**Autoría:** Lola Saltatore.

**Dirección:** Lola Saltatore.

**Actores:** Montse Rivera e Xabier Iglesias.

**Duración:** 45 min.

**Espazo escénico:** espazo mínimo requerido de 7 m. de boca x 7 m. de fondo.

**Necesidades técnicas:** espectáculo de interior. A compañía conta coa súa propia equipación no caso de que o espazo non conte co que precisan. Só precisan unha toma de corrente de 220V 20A nun lateral do escenario.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.

## ÍTACA TEATRO (Lugo)

### Formigas no peto

Teatro Contemporáneo para público a partir dos 13 anos.



**Sinopse:** O protagonista entra no Bazar da Memoria e dende alí cóntanos, sinte e viaxa por momentos e emocións da súa patria que é, nin máis nin menos, que a súa infancia... ou a nosa.

“A miña memoria é unha mestura de momentos e lugares que me habitan: Pequenos anacos de historia gardados nos recunchos máis remotos da miña alma, que, de cando en vez, pasean polo meu corpo pousados no lombo das formigas que se agochan nos petos.”

Trátase dunha proposta innovadora e orixinal que une a narración oral co teatro de imaxes e personaxes moi recoñecibles e vencellados á nosa vida cotiá, dende as avóas ata nós mesm@s.

**Autoría:** Ana Carreira e José Campanari.

**Dirección:** José Campanari.

**Actor:** Carlos Rebolo.

**Duración:** 80 min.

**Espazo escénico:** 6 m. de fronte x 4 m. de fondo (mínimo requerido) Obra de interior.

**Necesidades técnicas:** a Compañía pode facerse cargo das súas necesidades técnicas, no caso de que o espazo onde actúen non dispoña do que precisan.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.

### Anacos.

Historias vividas, escoitadas ou simplemente construídas no imaxinario do cotiá.  
Público a partir dos 13 anos.

**Sinopse:** As lembranzas van aparecendo nas nosas vidas sen pedir permiso. Un cheiro, un sabor, unha foto, os primeiros acordos dunha canción ou mesmo o silencio dunha tarde, calquera tarde, nos invade e nos convida a viaxar pola memoria. Así, pouco a pouco, van agromando imaxes que nos levan a outros tempos vividos e fannos andar por camiños xa transitados. Cando estamos en soidade adoitamos gozalos saboreando ese instante que flota no aire e se instala na alma. Cando estamos en compañía tratamos de reconstruílos con palabras para compartir as historias que se gardan neses anacos.

**Autoría:** Carlos Rebolo.

**Asesoramento externo:** José Campanari.

**Contador de historias:** Carlos Rebolo.

**Duración:** 50 min.

**Espazo escénico:** Espazo escénico mínimo de 3m de fronte x 2m de fondo.

**Necesidades técnicas:** a Compañía farase cargo das súas necesidades técnicas, no caso de que o espazo onde actúen non dispoña do que precisan. Só precisan dun punto de luz.

**Preferencia de datas:** dispoñibilidade segundo axenda.



## PÍNCONÚS (Lugo)

### CICLO SERÁNS TEATRAIS

### Pínconús

Comedia musical para toda a familia.



**Sinopse:** Un día calquera, unha estación de tren, tres persoas que queren viaxar, unha billeteira que ven e que vai... Estación de orixe: Aquimesmo. Destino: Pínconús, ese lugar ao que todos quieren ir pero a que moi pouca xente se atreve. Unha espera de absurdos encontros e desencontros mentres o tren está por chegar.

**Autoría:** José Campanari.

**Dirección:** José Campanari.

**Elenco:** Marga Portomeñe, Ana Carreira, Carlos Rebolo e Carlos Coira.

**Duración:** 65 min.

**Espazo escénico:** 6 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de altura (espazo mínimo requerido)

**Necesidades técnicas:** a Compañía pode facerse cargo das súas necesidades técnicas no caso de que o espazo no que actúen non dispoña do que precisan.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.

## BATEGA (Lugo)

### CICLO SERÁNS TEATRAIS

#### O mundo de Martiña.

**Público maior de 14 anos.**

**Sinopse:** Martiña é unha nena moi curiosa e espilida, mais hai cousas que non logra entender, como, por exemplo, que as súas opinións sexan menos importantes que as dos adultos, nin por que ten que calar e obedecer sempre a papá, a mamá, ao pai Edelmiro, á tía Amparo... cando é evidente o trabucados/as que están acotío. Iso de que estean Deus, o Ratiño Pérez, os Reis Magos, ou o anxo da garda observandoa para xulgar o seu comportamento e premiala ou castigala, tampouco lle acaba de gostar.

Na segunda metade do espectáculo, veremos a Martiña medrar. Verémola afrontar a regra, a paixón adolescente, a autoridade paterna ou o duro mundo laboral. Verémola sortear obstáculos e sacar conclusións. A través dun monólogo teatralizado, musicado e entretecido con cancións, Martiña enfrontarase á vida coas armas que vai descubriendo. O seu espírito crítico e as súas dúbidas respecto do establecido nunca a abandonarán.



**Autoría:** obra propia da Compañía.

**Dirección:** Raquel L. Cendán.

**Actores:** Raquel L. Cendán e Pedro Insua.

**Duración:** 60 min.

**Espazo escénico:** 3 m. de fronte x 3 m. de fondo (mínimo requerido) Obra totalmente adaptable. Espectáculo tanto de interior como de exterior.

**Necesidades técnicas:** A Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas no caso de que no espazo da actuación non contén coa técnica mínima esixida.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda da Compañía.

## TEATRO BAIXO DA AREA (Lugo)

### Poeta en Nova York

Teatro Contemporáneo. Obra poética experimental. Público maior de 14 anos



CICLO EXPERIMENTEATRO

**Sinopse:** adaptación teatral da recoñecida obra de Federico García Lorca, unha obra permanentemente moderna e de irremediable actualidade, nunha proposta escénica contemporánea, abordando as temáticas e os conceptos presentes no poemario, dende a experimentación e a honestidade. Cando Lorca chegou a Nova York, esta cidade absorveuno, mesturándose nel unha aparente felicidade cunha profunda angustia vital derivada das súas circunstancias persoais (desengano amoroso, desencanto intelectual e crise creativa) Da man do poeta, viaxaremos por un Nova York nada alleo aos temas actuais, para facer unha labor de denuncia dende o compromiso social.

**Autoría:** montaxe baseada na edición de Mario Hernández dos manuscritos neiorquinos *Poeta en Nueva York, otras hojas y poemas*, facendo a dramaturxia Paloma Lugilde.

**Dirección:** Paloma Lugilde.

**Elenco:** Raquel Velasco, Miguel Torres e Paloma Lugilde.

**Duración:** 70 min.

**Espazo escénico:** Espectáculo preferentemente de interior. Espazo mínimo ideal 8 m. de boca x 8 m. de fondo. De tratarse de espazos máis pequenos poderían facerse dous pases no mesmo día. O público colócase ao redor do escenario en asentos aportados pola propia Compañía. No caso de non poder facerse así, habería a posibilidade de facelo en exterior sempre e cando se trate dun espazo tranquilo.

**Necesidades técnicas:** a Compañía pode facerse cargo das súas necesidades técnicas, no caso de que o espazo da actuación non dispoña do que precisan.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.



## A COMPAÑÍA SOLITARIA DO DR. MONIFATE (Cospeito)

### CICLO EXPERIMENTEATRO

### 2021 Badman. Un home malo.

*"Carpet show"*, monólogo e concerto. Público maior de 16 anos.

**Sinopse:** Un home acepta e confesa a súa maldade despois de anos tentando converterse nunha boa persoa. Aínda que xa hai tempo que se descartou a frenoloxía como ciencia seguimos empregando os seus patróns de xeito inconsciente. Nacemos xa con tendencias cara certos comportamentos? Somos malas persoas disimulando para poder convivir? Somos bos e alguén nos perverte? Podemos prescindir totalmente da maldade?

Unha peza sobre unha alfombra con aproximacións á comedia e ao monólogo (cómico?) dende unha perspectiva filosófica. Cancións e música para suavizar o mal, ou para darlle énfase. Un diálogo co público no que, contrariamente ós pezas que "dialogan co público" permítese que o público responda e fale. Unha perspectiva que cuestiona da bondade de todo o ben que facemos.

**Autoría:** Gustavo Fouce.

**Dirección:** Gustavo Fouce.

**Actor e músico:** Gustavo Fouce.

**Duración:** 50 min.

**Espazo escénico:** 3 m. de fronte x 3 m. de fondo (mínimo requerido) Obra totalmente adaptable. Espectáculo tanto de interior como de exterior.

**Necesidades técnicas:** A Compañía faise cargo das súas necesidades técnicas no caso de que no espazo da actuación non conten coa técnica mínima esixida.

**Preferencia de datas:** indiferente segundo dispoñibilidade de axenda.

